

I. DISPOSICIONES XERAIS

MINISTERIO DE EDUCACIÓN, CULTURA E DEPORTE

7337 *Real decreto 310/2016, do 29 de xullo, polo que se regulan as avaliacións finais de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato.*

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, modificada pola Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, establece nos seus artigos 29 e 36 bis novas avaliacións finais de etapa individualizadas en educación secundaria obrigatoria e bacharelato, respectivamente. Tamén establece a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, no seu artigo 144.1 que os criterios de avaliación correspondentes a estas avaliacións individualizadas serán comúns para o conxunto do Estado.

O artigo 6 bis da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, indica que corresponderá ao Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, en relación coas avaliacións finais de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato, determinar os criterios de avaliación do logro dos obxectivos das ensinanzas e etapas educativas e do grao de adquisición das competencias correspondentes, en relación cos contidos dos bloques de disciplinas troncais e específicas, determinar as características das probas, deseñar as probas e establecer o seu contido para cada convocatoria.

O artigo 144.1 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, dispón que as probas e os procedementos das avaliacións indicadas nos artigos 29 e 36 bis da citada lei serán deseñados polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, a través do Instituto Nacional de Avaliación Educativa. No mesmo artigo 144.1 establécese que a realización material das probas corresponde ás administracións educativas competentes.

Ademais, a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, establece no seu artigo 31 que para obter o título de Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria será necesario superar a correspondente avaliación final de etapa, e no seu artigo 37 que para obter o título de Bacharel será necesario superar a avaliación final desta etapa.

Pola súa vez, a disposición derradeira quinta da Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, establece o calendario de implantación das avaliacións individualizadas.

O Real decreto 1105/2014, do 26 de decembro, polo que se establece o currículo básico da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato, indica no seu artigo 21 que ao finalizar o cuarto curso da ESO os alumnos e alumnas realizarán unha avaliación individualizada pola opción de ensinanzas académicas ou pola de ensinanzas aplicadas, na cal se comprobará o logro dos obxectivos da etapa e o grao de adquisición das competencias correspondentes. No punto primeiro do artigo 31 do citado real decreto indícase que os alumnos e alumnas realizarán unha avaliación individualizada ao finalizaren o bacharelato, na cal se comprobará o logro dos obxectivos desta etapa e o grao de adquisición das competencias correspondentes.

II

O deseño das probas debe ser diferente segundo a etapa. Así, en educación secundaria obrigatoria teranse en conta as competencias clave xunto cos contidos aprendidos durante a etapa a través das materias relacionadas coa avaliación final de etapa. O obxectivo da avaliación é garantir que todo o alumnado alcance os niveis de aprendizaxe adecuados, normalizar os estándares de titulación en todo o Sistema educativo español, introducir elementos de certeza, obxectividade e comparabilidade de resultados, permitir ao alumnado orientar a súa traxectoria educativa en función das súas capacidades, competencias e habilidades comprobadas e expectativas e intereses, e orientar e informar o alumnado e as familias.

Ademais, será necesario superar a avaliación final de educación secundaria obrigatoria para obter o título de Graduado. As administracións educativas poderán establecer

medidas de atención personalizada dirixidas a aqueles alumnos que non superen a avaliación final. Os alumnos poderán repetir a avaliación se non a superaron ou para elevar a súa cualificación final.

No bacharelato teranse en conta en maior medida os contidos aprendidos, dado que os obxectivos son garantir ao alumnado un nivel de coñecementos e competencias adecuado e suficiente para acceder á educación superior ou á vida profesional, consolidar a cultura do esforzo e da responsabilidade e motivar o alumnado para progresar no sistema educativo.

Ademais, será necesario superar a avaliación final de bacharelato para obter o título de Bacharel. A cualificación das materias avaliadas e da avaliación final poderá ser tida en conta polas universidades nos seus procedementos de admisión. Os alumnos poderán volver realizar a avaliación se non a superaron ou para elevar a súa cualificación final.

No proceso de realización das probas asegúrase a igualdade de oportunidades, a non-discriminación e a accesibilidade universal das persoas, a través da adaptación das condicións de realización ás necesidades do alumnado que presente necesidades específicas de apoio educativo.

Tamén se garante a transparencia e a participación das familias no proceso ao asegurar a vía da revisión das cualificacións. Segundo o establecido no artigo 8 do Real decreto 1105/2014, do 26 de decembro, polo que se establece o currículo básico da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato, e de conformidade co establecido no artigo 4.2.e) da Lei orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito á educación, os pais, nais ou titores legais deberán participar e apoiar a evolución do proceso educativo dos seus fillos ou tutelados, e terán acceso aos documentos oficiais de avaliación e aos exames e documentos das avaliacións que se realicen aos seus fillos ou tutelados.

III

Este real decreto estrutúrase en catro capítulos: o primeiro deles (Disposicións xerais), contén a normativa básica de xeral aplicación ás avaliacións finais das etapas de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato, relativa á organización das avaliacións finais, asignación de funcións ás administracións participantes, órganos e profesorado, descrición do proceso, revisión e difusión de resultados.

Os capítulos II (Avaliación final de educación secundaria obrigatoria) e III (Avaliación final de bacharelato) inclúen as peculiaridades aplicables a cada unha das etapas sobre obxecto, convocatorias, requisitos de participación, actuación do grupo técnico e obtención do título correspondente.

Polo seu lado o capítulo IV (Educación de persoas adultas) describe, por unha banda, as características das avaliacións finais que se aplicarán na educación básica e bacharelato das persoas adultas, e por outra, as das probas para a obtención directa do título de Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria e do título de Bacharel.

A disposición adicional primeira prevé a adaptación das normas recollidas neste real decreto ás necesidades e situación dos centros docentes españois no exterior e doutros programas internacionais, da educación a distancia e da educación das persoas adultas; a disposición adicional segunda regula as características, deseño e contidos das probas das avaliacións finais que se realizarán no curso escolar 2016/17; e a disposición adicional terceira regula as situacións do alumnado en posesión dun título de Bacharel anterior á reforma educativa ou dun título das ensinanzas profesionais.

A disposición transitoria única regula a situación do alumnado que curse materias non superadas segundo o currículo do sistema educativo anterior á Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.

A disposición derradeira primeira establece o calendario de implantación das novas avaliacións finais de educación secundaria, con base na disposición derradeira quinta da Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro.

A disposición derradeira segunda establece o título competencial do real decreto (artigo 149.1.30.^a da Constitución).

A disposición derradeira terceira modifica o Real decreto 1105/2014, do 26 de decembro, polo que se establece o currículo básico da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato, para engadirlle unha disposición transitoria única sobre títulos de Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria obtidos no curso 2016/17.

A disposición derradeira cuarta regula os efectos académicos dos títulos de Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria obtidos de acordo coa disposición transitoria única do Real decreto 1058/2015, do 20 de novembro, polo que se regulan as características xerais das probas da avaliación final de educación primaria establecida na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

A disposición derradeira quinta faculta a persoa titular do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte para desenvolver o disposto no real decreto e para ditar a orde ministerial anual que establecerá as características, deseño e contidos das probas en cada curso escolar.

Por último, a disposición derradeira sexta establece a entrada en vigor do real decreto o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

IV

Este real decreto dítase ao abeiro do artigo 149.1.30.^a da Constitución, que atribúe ao Estado as competencias para a regulación das condicións de obtención, expedición e homologación dos títulos académicos e profesionais e normas básicas para o desenvolvemento do artigo 27 da Constitución, a fin de garantir o cumprimento das obrigacións dos poderes públicos nesta materia. De acordo coa xurisprudencia do Tribunal Constitucional, é posible a intervención excepcional do regulamento na delimitación do básico, entre outros supostos, cando a utilización do regulamento resulte xustificada polo carácter marcadamente técnico da materia.

O real decreto garante o sistema constitucional de distribución de competencias entre o Estado e as comunidades autónomas, ao asegurar a participación de ambos na realización das avaliacións finais de educación secundaria. Así, o Estado establece as bases para todo o territorio relativas ás características das probas, o seu deseño e o seu contido, e os prazos máximos en que se deberán desenvolver as convocatorias anuais.

Polo seu lado, as administracións educativas das comunidades autónomas, e do Estado en Ceuta, Melilla, o exterior e o CIDEAD, son competentes para a realización material das probas, que comprenderá a súa redacción e elaboración das guías de codificación e corrección no marco do deseño establecido polo Estado, concreción das datas das convocatorias e dos procedementos de revisión das cualificacións, coordinación de centros docentes, universidades e profesorado, designación de tribunais e órganos de cualificación, resolución das reclamacións e información á comunidade educativa.

Ademais, créase unha comisión central no Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, encargada de propor cada ano as características, o deseño e os contidos das probas e de avaliar a súa realización, na cal se asegura a participación de todas as comunidades autónomas, así como das universidades no grupo técnico que trate da avaliación final de bacharelato, dado que os resultados das probas deben servir ás universidades nos seus procedementos de admisión de estudantes.

V

Segundo o artigo 21.3 da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno, un Goberno en funcións como o que aproba este real decreto debe limitar a súa xestión ao despacho ordinario dos asuntos públicos e absterse de adoptar calquera outra medida, salvo casos de urxencia debidamente acreditados ou por razóns de interese xeral cuxa acreditación expresa así o xustifique, razóns ambas que concorren neste suposto.

Así, en primeiro lugar, o interese público na publicación deste real decreto é indubidable pois a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, obriga o Goberno a determinar as características das probas das avaliacións finais de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato, o deseño das probas e o seu contido.

As avaliacións externas de fin de etapa constitúen unha das principais novidades da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, con respecto ao marco anterior, e unha das medidas chamadas a mellorar de maneira máis directa a calidade do sistema educativo. As evidencias da literatura científica indican que o efecto das avaliacións externas ten un impacto moi positivo nos resultados académicos no rendemento do alumnado.

As avaliacións finais teñen un carácter formativo e de diagnóstico, que servirá para garantir que todos os alumnos alcancen os niveis de aprendizaxe adecuados para o normal desenvolvemento da vida persoal e profesional, e ademais deben permitir orientar os alumnos nas súas decisións escolares. Estas probas normalizan os estándares de titulación en toda España, indicando de forma clara ao conxunto da comunidade educativa cales son os niveis de exigencia requiridos e introducindo elementos de certeza, obxectividade e comparabilidade de resultados, e proporcionan aos pais, aos centros e ás administracións educativas unha valiosa información para futuras decisións.

Por outro lado, existe urxencia na publicación deste real decreto xa que as primeiras avaliacións se deben realizar ao finalizar o curso escolar 2016/17, e por isto as bases que deberán respectar as administracións educativas deben ser coñecidas por estas con suficiente anticipación como para lles permitir realizar os traballos e desenvolvementos normativos que lles corresponden. Pola súa vez, os centros, equipos directivos e equipos docentes tamén deben coñecer con anticipación suficiente o deseño e contido das avaliacións para organizar adecuadamente a programación do curso escolar, que comeza en setembro de 2016.

VI

No proceso de elaboración deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas no seo da Conferencia de Educación e emitiu ditame o Consello Escolar do Estado.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Educación, Cultura e Deporte, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 29 de xullo de 2016,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto.*

O presente real decreto ten por obxecto establecer as características das probas das avaliacións finais de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato, establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Artigo 2. *Determinación das características, deseño e contido das probas.*

1. O Ministerio de Educación, Cultura e Deporte determinará para todo o Sistema educativo español por orde ministerial, para cada curso escolar, as características, o deseño e o contido das probas das avaliacións finais de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato, as datas máximas para realizar as avaliacións e resolver os procedementos de revisión das cualificacións obtidas, e os cuestionarios de contexto, coa finalidade de garantir a estandarización das probas.

2. Os criterios de avaliación do logro dos obxectivos das etapas de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato e do grao de adquisición das competencias correspondentes serán os recollidos nos anexos I e II do Real decreto 1105/2014, do 26 de decembro, polo que se establece o currículo básico da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato.

3. Coa finalidade de garantir a homoxeneidade e a estandarización das probas, as características e o deseño destas comprenderán a matriz de especificacións, a lonxitude (número mínimo e máximo de preguntas), tempo de aplicación, a tipoloxía de ítems (preguntas abertas, semiabertas e de opción múltiple), unidades de avaliación, os cuestionarios de contexto e indicadores comúns de centro.

4. Determinar os contidos consistirá en establecer o marco de obrigado cumprimento para a construción das probas. Nese marco establecerase aquel conxunto de estándares de aprendizaxe avaliábeis que constituirán o contido do proceso de avaliación e que procederán da concreción dos recollidos no Real decreto 1105/2014, do 26 de decembro, polo que se establece o currículo básico da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato.

Artigo 3. *Realización material das probas.*

1. Corresponde ás administracións educativas a realización material das probas, o que inclúe as seguintes tarefas:

- a) Construción e elaboración material das probas no marco do disposto na orde ministerial anual.
- b) Aplicación das probas.
- c) Determinación das datas das convocatorias e dos procedementos de revisión das cualificacións, de acordo cos prazos máximos fixados polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte.
- d) Coordinación entre os centros docentes, universidades e outros órganos e organismos que participen na realización material das probas.
- e) Designación e constitución dos tribunais ou outros órganos de cualificación que as administracións educativas decidan crear ou encargarlles a cualificación das probas.
- f) Designación do profesorado funcionario do Sistema educativo español externo ao centro que aplicará e cualificará as probas.
- g) Adopción de medidas para garantir a custodia e a confidencialidade das probas, así como para asegurar o carácter anónimo dos datos dos estudantes na fase de corrección e cualificación das probas.
- h) Resolución de reclamacións.
- i) Establecemento dos mecanismos de información adecuados.
- j) Adopción das medidas necesarias para garantir o establecido neste real decreto.

2. Os equipos directivos e o profesorado dos centros docentes participarán e colaborarán coas administracións educativas nas avaliacións finais que se realicen nos seus centros, nos termos establecidos no artigo 144.1 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

3. A materia Lingua Cooficial e Literatura deberá ser avaliada nas avaliacións finais de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato, e terase en conta para o cálculo da nota obtida nas ditas avaliacións finais na mesma proporción que a disciplina Lingua Castelá e Literatura.

Corresponde ás administracións educativas competentes concretar os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe avaliábeis da proba de Lingua Cooficial e Literatura, así como determinar o seu deseño e aplicación, que se realizará de forma simultánea ao resto das probas que compoñen as avaliacións finais.

Estarán exentos da realización destas probas os alumnos e alumnas que estean exentos de cursar ou de ser avaliados da materia Lingua Cooficial e Literatura, segundo a normativa autonómica correspondente.

Artigo 4. *Probas, unidades de avaliación e tipos de preguntas.*

1. As avaliacións finais de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato terán unha duración dun máximo de catro días. Aquelas administracións educativas con lingua cooficial poderán establecer unha duración dun máximo de cinco días.

2. Cada unha das probas da avaliación final de educación secundaria obrigatoria terá unha duración de 60 minutos e establécese un descanso mínimo de 15 minutos entre sesión e sesión.

Cada unha das probas da avaliación final de bacharelato terá unha duración de 90 minutos e establécese un descanso mínimo de 20 minutos entre sesión e sesión.

Sen prexuízo do establecido no artigo 8.2, os tempos de descanso non poderán ser utilizados para ampliar o tempo de realización das probas polos alumnos con necesidades específicas de apoio educativo aos cales se prescribise esa medida.

3. Realizarase unha proba por cada unha das materias obxecto de avaliación. Cada unha das probas constará das unidades de avaliación que sexan convenientes e cada unidade de avaliación de, ao menos, dúas preguntas baseadas no estímulo proposto. En total, cada proba comprenderá un número máximo de 15 preguntas ou ítems.

4. As unidades de avaliación estarán contextualizadas en contornos próximos á vida do alumnado, por exemplo, situacións persoais, familiares, escolares e sociais, ademais de contornos científicos e humanísticos.

5. Cada unha das probas conterá preguntas abertas e semiabertas que requirirán do alumnado capacidade de pensamento crítico, reflexión e madurez, especialmente na avaliación final de bacharelato.

Ademais destes tipos de preguntas, poderanse utilizar tamén preguntas de opción múltiple, sempre que en cada unha das probas a porcentaxe de preguntas abertas e semiabertas alcance como mínimo o 50%.

6. As probas poderanse realizar en soporte papel e/ou en formato dixital.

7. As probas deberán resultar atractivas e motivadoras, para o cal se deberán coidar as imaxes, táboas e gráficos empregados e outras características formais.

Artigo 5. *Cuestionarios de contexto.*

1. A información sobre as condicións socioeconómicas e culturais de contexto dos centros docentes obtérase mediante a aplicación de diferentes cuestionarios de contexto, que serán elaborados polo Instituto Nacional de Avaliación Educativa do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte.

2. Os cuestionarios de contexto poderán ser dos seguintes tipos, segundo se estableza na orde ministerial anual:

- a) Cuestionario do alumnado, dirixido ao alumnado que realice a avaliación.
- b) Cuestionario das familias, dirixido aos pais, nais e titores legais do alumnado que realice a avaliación.
- c) Cuestionario do profesorado tutor, dirixido ao profesorado tutor do alumnado que realice a avaliación.
- d) Cuestionario do equipo directivo, dirixido á dirección do centro docente do alumnado que realice a avaliación.

3. Os cuestionarios de contexto serán en todo caso anónimos.

Artigo 6. *Convocatorias e calendario escolar.*

1. Anualmente celebraranse dúas convocatorias en cada Administración educativa: unha ordinaria e outra extraordinaria. O Ministerio de Educación, Cultura e Deporte fixará cada ano os prazos máximos para a resolución de cada unha das convocatorias, que comprenderán, en todo caso, un período único para a convocatoria ordinaria e dous, alternativos entre si, para a convocatoria extraordinaria, e cada Administración educativa deberá optar polo que mellor se adecue á planificación académica establecida para o seu ámbito territorial.

O alumnado que o desexe poderá realizar a avaliación final de etapa por calquera das diferentes opcións da educación secundaria obrigatoria ou modalidades do bacharelato, ou por máis dunha delas, na mesma convocatoria.

2. Os días dedicados ás avaliacións finais de etapa, tanto na convocatoria ordinaria como na extraordinaria, inclúranse no cómputo anual de días lectivos do calendario escolar.

Artigo 7. *Organización das probas.*

1. No Ministerio de Educación, Cultura e Deporte constituirase unha comisión central, que será a responsable de establecer e propor cada ano o deseño e os contidos das probas, nos termos establecidos no artigo 2 do presente real decreto.

2. A dita comisión central estará presidida polo director xeral de Avaliación e Cooperación Territorial e formarán parte dela as persoas titulares da Subdirección Xeral do Instituto Nacional de Avaliación Educativa, a Subdirección Xeral do Instituto Nacional de Tecnoloxías Educativas e de Formación do Profesorado, a Subdirección Xeral de Cooperación Territorial, a Subdirección Xeral de Promoción Exterior Educativa, a Subdirección Xeral de Inspección, a Subdirección Xeral de Ordenación Académica, a Subdirección Xeral de Aprendizaxe ao Longo da Vida e a Subdirección Xeral de Orientación e Formación Profesional.

As reunións da dita comisión serán convocados como convidados representantes de todas as comunidades autónomas e cantos expertos o presidente da comisión central coide oportuno, que asistirán ás reunións con voz pero sen voto.

Ademais dos anteriores, cando nas reunións da comisión central se traten aspectos relacionados coa avaliación final de bacharelato, tamén serán convidados a participar, con voz pero sen voto, representantes das universidades designados pola Conferencia de Reitores das Universidades Españolas.

3. A comisión central contará cun grupo técnico asociado á avaliación final de educación secundaria obrigatoria e un grupo técnico asociado á avaliación final de bacharelato.

4. Son funcións dos grupos técnicos:

a) Elaborar cada ano unha proposta das características, o deseño e os contidos das probas. O resultado destes traballos será o punto de partida para a elaboración da orde ministerial anual que establecerá as características, o deseño e os contidos das probas.

b) Analizar e valorar todo o proceso de realización material das probas, unha vez finalizado.

c) Elaborar propostas de mellora para a seguinte convocatoria.

5. As administracións educativas realizarán a coordinación das avaliacións finais, en cumprimento do disposto no artigo 3 deste real decreto, de acordo coas normas que establezan. Nesta coordinación deberán participar, ao menos, representantes do profesorado e expertos educativos aos cales, no caso das probas finais de bacharelato, se engadirán representantes das universidades públicas.

6. As administracións educativas deberán establecer os mecanismos e procedementos máis adecuados que garantan a confidencialidade dos datos obtidos durante todas as fases da avaliación.

Artigo 8. *Desenvolvemento e aplicación.*

1. As probas de avaliación das competencias en relación coas materias distintas de Lingua Castelá e Literatura, Primeira e Segunda Lingua Estranxeira e Lingua Cooficial e Literatura poderanse realizar, á escollo dos pais, nais ou titores legais ou, se for o caso, dos alumnos, en lingua castelá ou na lingua cooficial correspondente.

2. A fin de asegurar a igualdade de oportunidades, a non-discriminación e a accesibilidade universal das persoas, en cada convocatoria as administracións educativas adoptarán as medidas oportunas para adaptar as condicións de realización das probas ás necesidades do alumnado que presente necesidades específicas de apoio educativo. En función da necesidade, poderanse adoptar medidas tales como a adaptación dos tempos, a utilización de formatos especiais e a posta á disposición do alumnado dos medios

materiais e humanos e dos apoios e das axudas técnicas que precise para a realización das probas, así como a garantía de accesibilidade da información e a comunicación dos procesos e a do recinto ou espazo físico onde esta se desenvolva.

O departamento de orientación de cada centro educativo realizará un informe por cada alumno a que se refire este número, que será tido en conta á hora de establecer as adaptacións que procedan. Estas adaptacións non se computarán de forma negativa menoscabando a cualificación final obtida nas probas.

3. De forma simultánea á realización das avaliacións finais de etapa aplicaranse cuestionarios de contexto elaborados polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte. Estes cuestionarios permitirán obter información sobre as condicións socioeconómicas e culturais dos centros para a contextualización dos resultados obtidos.

4. Os alumnos realizarán a avaliación final, tanto na convocatoria ordinaria como na extraordinaria, no ámbito territorial da Administración educativa en que finalizasen os estudos que lles permitan acceder á avaliación final, no lugar que determine cada Administración educativa. Aqueles alumnos que se presenten en sucesivas convocatorias co obxecto de superar a avaliación final, mellorar a cualificación ou cambiar de opción ou modalidade, poderán facelo no ámbito de xestión da Administración educativa en que residan ou en que finalizou os seus estudos.

Artigo 9. *Cualificación das probas.*

1. A cualificación das probas será realizada polos tribunais cualificadores ou órganos designados e constituídos polas respectivas administracións educativas, e estarán constituídos por profesorado funcionario do Sistema educativo español externo aos centros docentes.

2. Na designación dos membros dos tribunais ou órganos deberase procurar unha composición equilibrada entre mulleres e homes, salvo que non sexa posible por razóns fundadas e obxectivas, debidamente motivadas. Así mesmo, deberase garantir que todas as probas poidan ser cualificadas por vogais especialistas das distintas materias.

En todo caso, no suposto de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, os membros dos tribunais ou órganos de cualificación designados deberán asegurar o coñecemento das adaptacións de acceso e organizativas que precisou o alumno, mantendo o seu anonimato.

3. O tribunal ou órgano de cualificación garantirá o anonimato dos alumnos e centros docentes durante o proceso de corrección e cualificación das probas.

4. O resultado da avaliación final exprésase mediante unha cualificación numérica dun a dez puntos en educación secundaria obrigatoria e de cero a dez puntos en bacharelato, con dous decimais, e será a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias obxecto de avaliación e, se for o caso, na avaliación final da materia Lingua Cooficial e Literatura.

5. O resultado da avaliación final de etapa de cada alumno comunicárase aos pais, nais, titores legais do alumno e, se for o caso, ao propio alumno, así como ao equipo directivo do respectivo centro docente, que o comunicará ao profesorado do alumno e aos órganos colexiados de Goberno e de coordinación docente do centro, a fin de que, en cada nivel de responsabilidade, se poidan valorar os resultados, identificar as súas causas e adoptar, se procede, as propostas de reforzo e mellora que se consideren necesarias.

Artigo 10. *Revisión das cualificacións.*

1. Os pais, nais ou titores legais e, se for o caso, os alumnos poderán solicitar ao órgano que determine cada Administración educativa a revisión da cualificación obtida nunha ou varias das probas que compoñen a avaliación final, para o cal terán acceso ás probas realizadas. O prazo de presentación destas solicitudes será de tres días hábiles, contados a partir da data da publicación das cualificacións.

2. As probas sobre as cales se presentase a solicitude de revisión serán corrixidas por un profesor funcionario especialista distinto ao que realizou a primeira corrección. No

suposto de que exista unha diferenza menor de dous puntos entre as dúas cualificacións, a cualificación será a media aritmética das cualificacións obtidas nas dúas correccións. No suposto de que exista unha diferenza de dous ou máis puntos entre as dúas cualificacións, efectuarase, de oficio, unha terceira corrección e a cualificación final será a media aritmética das tres cualificacións. Este procedemento deberase efectuar no prazo máximo de cinco días hábiles, contados a partir da data de finalización do prazo establecido no punto anterior.

As probas obxecto de reclamación serán revisadas co obxecto de verificar que todas as cuestións foron avaliadas e o foron cunha correcta aplicación dos criterios xerais de avaliación e específicos de corrección, así como a comprobación de que non existen erros materiais no proceso do cálculo da cualificación final.

3. Unha vez finalizado o proceso de revisión, o órgano que determine cada Administración educativa adoptará a resolución que estableza as cualificacións definitivas e notificaraa aos reclamantes. A resolución porá fin á vía administrativa.

4. Os pais, nais ou titores legais e, se for o seu caso, os alumnos terán dereito a ver as probas revisadas unha vez finalizado na súa totalidade o proceso de revisión establecido neste artigo, no prazo de dez días desde a notificación da resolución de revisión.

Artigo 11. *Difusión dos resultados.*

1. As administracións educativas porán en coñecemento da comunidade educativa os resultados das avaliacións finais que realicen no seu ámbito de xestión, mediante indicadores comúns para todos os centros docentes establecidos polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, tomando en consideración factores socioeconómicos e socioculturais do contexto, sen identificación de datos de carácter persoal e sempre garantindo o anonimato dos alumnos e dos seus pais, nais e titores legais.

2. O Ministerio de Educación, Cultura e Deporte publicará periodicamente, a través do Sistema estatal de indicadores da educación, as conclusións de interese xeral das avaliacións finais de educación secundaria obrigatoria e bacharelato, en colaboración coas administracións educativas.

CAPÍTULO II

Avaliación final de educación secundaria obrigatoria

Artigo 12. *Obxecto.*

1. A avaliación final de educación secundaria obrigatoria terá por obxecto verificar o logro dos obxectivos da etapa e o grao de adquisición das competencias correspondentes, en cada caso, á opción obxecto de avaliación, en relación coas seguintes materias:

a) Todas as materias xerais cursadas durante a educación secundaria obrigatoria no bloque de disciplinas troncais, salvo Bioloxía e Xeoloxía e Física e Química, das cales o alumno será avaliado se as escolle entre as materias de opción.

b) Dúas materias de opción cursadas no bloque de disciplinas troncais, en cuarto curso, á escolla do alumnado.

c) Unha materia do bloque de disciplinas específicas cursada en calquera dos cursos, que non sexa Educación Física, Relixión, ou Valores Éticos, á escolla do alumnado.

2. Para os efectos do disposto no presente real decreto, as probas das avaliacións finais de educación secundaria obrigatoria avaliarán as competencias correspondentes ás materias incluídas na avaliación.

Estas competencias relacionaranse cos criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe avaliáveis asociados ás materias da educación secundaria obrigatoria recollidas no Real decreto 1105/2014, do 26 de decembro, a través do deseño e contidos elaborados na orde ministerial anual.

Artigo 13. Convocatorias.

1. O alumnado poderá realizar a avaliación pola opción de ensinanzas académicas ou pola de ensinanzas aplicadas, con independencia da opción cursada en cuarto curso de educación secundaria obrigatoria, ou por ambas as opcións na mesma convocatoria.

A superación dunha determinada materia cunha nota mínima de 5 na avaliación final será tida en conta en calquera das opcións para as cales estea prevista a avaliación da dita materia. Deste modo, os que realicen a avaliación por unha opción non cursada serán avaliados das materias requiridas para superar a avaliación final por esa opción que non tiveren superadas, elixidas polo propio alumno dentro do bloque de disciplinas troncais.

2. Poderán repetir a avaliación en convocatorias sucesivas, precedendo solicitude, os alumnos que non superasen a avaliación pola opción escollida ou que, téndoa superado, desexen elevar a súa cualificación final de educación secundaria obrigatoria. Os alumnos que superasen esta avaliación por unha opción poderanse presentar de novo á avaliación pola outra opción se o desexan e, se non superaren esta última en primeira convocatoria, poderán repetila en convocatorias sucesivas, precedendo solicitude. Tomarase en consideración a cualificación máis alta das obtidas nas convocatorias que o alumno superase.

Non será necesario que se avalíe de novo das materias que xa teña superado o alumnado que se presente en segunda ou sucesivas convocatorias, a menos que desexe elevar a súa cualificación final. Para a superación dunha materia o alumno deberá obter unha cualificación igual ou superior a 5 puntos sobre 10.

Artigo 14. Requisitos de participación.

Poderanse presentar á avaliación final de educación secundaria obrigatoria:

a) O alumnado de educación secundaria obrigatoria que obtivese ben avaliación positiva en todas as materias desa etapa, ben negativa nun máximo de dúas materias, sempre que non sexan simultaneamente Lingua Castelá e Literatura, e Matemáticas. Para estes efectos, a materia Lingua Cooficial e Literatura terá a mesma consideración que a materia Lingua Castelá e Literatura naquelas comunidades autónomas que posúan lingua cooficial.

Para os efectos deste parágrafo, só se computarán as materias que como mínimo o alumno debe cursar en cada un dos bloques, segundo a normativa básica. Ademais, en relación con aqueles alumnos que cursen Lingua Cooficial e Literatura, só se computará unha materia no bloque de disciplinas de libre configuración autonómica, con independencia de que eses alumnos poidan cursar máis materias do dito bloque. As materias coa mesma denominación en diferentes cursos de educación secundaria obrigatoria consideraranse como materias distintas.

b) Os que se encontren en posesión dun título profesional básico.

Artigo 15. Grupo técnico da Comisión Central de Avaliación.

O grupo técnico a que fai referencia o artigo 7 do presente real decreto, asociado ás probas da avaliación final de educación secundaria obrigatoria, estará constituído por tres expertos por cada unha das materias, seleccionados entre os corpos de catedráticos de ensino secundario, profesores de ensino secundario e inspectores de educación.

Artigo 16. Obtención do título.

1. Para obter o título de Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria será necesario obter unha cualificación final igual ou superior a 5 puntos sobre 10. A cualificación final de educación secundaria obrigatoria deducirase da seguinte ponderación:

a) Cun peso do 70%, a media aritmética das cualificacións numéricas obtidas en cada unha das materias cursadas en educación secundaria obrigatoria.

b) Cun peso do 30%, a cualificación obtida na avaliación final de educación secundaria obrigatoria, que deberá ser igual ou superior a 5 puntos sobre 10. En caso de que o alumno superase a avaliación polas dúas opcións de avaliación final de etapa, para a cualificación final tomarase a máis alta das notas obtidas en ambas.

2. O alumnado que se encontre en posesión dun título profesional básico poderá obter o título de Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria por calquera das súas dúas opcións, mediante a superación da avaliación final de educación secundaria obrigatoria en relación coas materias do bloque de disciplinas troncais que como mínimo se deban cursar na opción que escolla o alumno. A cualificación final de educación secundaria obrigatoria será a nota obtida na avaliación final de educación secundaria obrigatoria.

3. Os centros docentes, de acordo cos resultados obtidos polos seus alumnos e en función do diagnóstico e información proporcionados polos ditos resultados, establecerán medidas ordinarias ou extraordinarias en relación coas súas propostas curriculares e práctica docente. Estas medidas fixaranse en plans de mellora de resultados colectivos ou individuais que permitan, en colaboración coas familias e empregando os recursos de apoio educativo facilitados polas administracións educativas, incentivar a motivación e o esforzo dos alumnos para resolver as dificultades.

CAPÍTULO III

Avaliación final de bacharelato

Artigo 17. *Obxecto.*

1. A avaliación final de bacharelato terá por obxecto verificar o logro dos obxectivos da etapa e o grao de adquisición das competencias correspondentes, en cada caso, á modalidade do bacharelato obxecto de avaliación, en relación coas seguintes materias:

a) Todas as materias xerais cursadas en ambos os cursos de bacharelato no bloque de disciplinas troncais. No suposto de materias que impliquen continuidade, terase en conta só a materia cursada en segundo curso.

b) Dúas materias de opción cursadas no bloque de disciplinas troncais, en calquera dos cursos, á escolla do alumnado. As materias que impliquen continuidade entre os cursos primeiro e segundo só se computarán como unha materia; neste suposto terase en conta só a materia cursada en segundo curso.

c) Unha materia do bloque de disciplinas específicas cursada en calquera dos cursos que non sexa Educación Física nin Relixión, á escolla do alumnado.

2. Para os efectos do disposto no presente real decreto, as probas das avaliacións finais de bacharelato avaliarán as competencias correspondentes ás materias incluídas na avaliación.

Estas competencias relacionaranse cos criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe avaliábeis, asociados ás materias de bacharelato recollidas no Real decreto 1105/2014, do 26 de decembro, a través das características, deseño e contidos elaborados na orde ministerial anual.

Artigo 18. *Convocatorias.*

1. O alumnado que, dentro dunha mesma convocatoria, desexe obter o título de bacharelato por máis dunha modalidade, poderá solicitar á Administración educativa competente ser avaliado das materias xerais e de opción da súa escolla do bloque de disciplinas troncais, correspondentes ás modalidades escollidas.

2. Os alumnos e alumnas que non superasen a avaliación ou que desexen elevar a súa cualificación final de bacharelato poderán repetir a avaliación en convocatorias sucesivas, precedendo solicitude á Administración educativa competente. Tomarase en consideración a cualificación máis alta das obtidas nas convocatorias a que concorren.

Non será necesario que se avalíe de novo o alumnado que se presente en segunda ou sucesivas convocatorias das materias que xa superase, a menos que desexe elevar a súa cualificación final. Para a superación dunha materia o alumno deberá obter unha cualificación igual ou superior a 5 puntos sobre 10.

Artigo 19. *Requisitos de participación.*

Poderanse presentar á avaliación final de bacharelato:

- a) Os alumnos de bacharelato que obtivesen avaliación positiva en todas as materias desta etapa. Para os efectos desta alínea, só se computarán as materias que como mínimo o alumno debe cursar en cada un dos bloques segundo a normativa básica. Ademais, en relación con aqueles alumnos que cursen Lingua Cooficial e Literatura, só se computará unha materia no bloque de disciplinas de libre configuración autonómica, con independencia de que os alumnos poidan cursar máis materias dese bloque.
- b) Os que se encontren en posesión dun título de Técnico ou Técnico Superior de Formación Profesional e Técnico das Ensinanzas Profesionais de Música ou de Danza.

Artigo 20. *Grupo técnico da Comisión Central de Avaliación.*

O grupo técnico a que fai referencia o artigo 7 do presente real decreto, asociado ás probas da avaliación final de bacharelato, estará constituído por catro expertos por cada unha das materias, dous seleccionados entre os corpos de catedráticos de ensino secundario, profesores de ensino secundario e inspectores de educación, e dous seleccionados entre profesorado universitario.

Artigo 21. *Obtención do título de Bacharel.*

1. Para obter o título de Bacharel será necesaria a superación da avaliación final de bacharelato cunha cualificación igual ou superior a 5 puntos sobre 10. A cualificación final desta etapa deducirase da seguinte ponderación:

- a) Cun peso do 60%, a media aritmética das cualificacións numéricas obtidas en cada unha das materias cursadas no bacharelato.
- b) Cun peso do 40%, a nota obtida na avaliación final do bacharelato.

2. Os alumnos que se encontren en posesión dun título de Técnico ou Técnico Superior de Formación Profesional e Técnico das Ensinanzas Profesionais de Música ou de Danza poderán obter o título de Bacharel pola superación da avaliación final de bacharelato en relación coas materias do bloque de disciplinas troncais que, como mínimo, se deban cursar na modalidade que escolla o alumno. No título deberase facer referencia a que o título se obtivo na forma indicada no número anterior, así como á cualificación final de bacharelato, que será a nota obtida na avaliación final de bacharelato.

CAPÍTULO IV

Educación de persoas adultas

Artigo 22. *Avaliacións finais de educación básica e de bacharelato.*

1. Os alumnos que cursen educación básica ou bacharelato da educación de persoas adultas deberán ter superado todos os ámbitos ou disciplinas correspondentes a esas ensinanzas para se presentaren ás avaliacións finais de etapa.

2. Os alumnos deberán superar as avaliacións finais das ensinanzas correspondentes como requisito para a obtención dos títulos de Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria e de Bacharel, respectivamente.

3. As probas da avaliación final para a obtención do título de Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria organizaranse con base na estrutura de ámbitos establecidos para

a educación secundaria para persoas adultas (ESPA) destinada á obtención do título de Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria.

Ademais, comprenderán unha proba global de comprobación do grao de adquisición das competencias relacionadas coas opcións da educación secundaria obrigatoria organizada con base na estrutura de ámbitos establecidos.

Esta proba global estará constituída por unha ou varias actividades de resolución de problemas complexos baseados en situacións que impulsen a utilizar as diferentes aprendizaxes e competencias adquiridas de acordo coas opcións de ensino académico e/ou aplicado, de conformidade co deseño e contidos da orde ministerial anual.

4. A cualificación final de educación secundaria obrigatoria calcularase de acordo co número 1 do artigo 31 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, tendo en conta que se calculará o valor do 70% da media das cualificacións numéricas obtidas en cada un dos ámbitos cursados.

5. A cualificación final de bacharelato calcularase de acordo co número 1 do artigo 37 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio.

Artigo 23. *Probas para a obtención directa do título de Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria.*

1. Corresponde ás administracións educativas, no ámbito das súas competencias, organizar periodicamente probas para que as persoas maiores de dezoito anos poidan obter directamente o título de Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria por calquera das dúas opcións de ensinanzas académicas ou ensinanzas aplicadas, sempre que lograsen os obxectivos da etapa e alcanzasen o adecuado grao de adquisición das competencias correspondentes.

2. As probas organizaranse con base na estrutura de ámbitos establecidos para a educación de persoas adultas.

Ademais, comprenderán unha proba global de comprobación do grao de adquisición das competencias relacionadas coas opcións de ensinanzas académicas ou aplicadas, en concepto de avaliación final de educación secundaria obrigatoria. Esta proba global estará constituída por unha ou varias actividades de resolución de problemas complexos baseados en situacións que impulsen a utilizar as diferentes aprendizaxes e competencias adquiridas de acordo coas opcións de ensino académico e/ou aplicado, de conformidade co deseño e contidos da orde ministerial anual.

3. As administracións educativas poderán eximir da realización dalgunha das probas tendo en conta a formación regrada que estes acrediten. Non obstante, os aspirantes deberán superar en calquera caso a proba global de comprobación do grao de adquisición das competencias correspondentes.

A cualificación final de educación secundaria obrigatoria será a nota obtida nas ditas probas, cun peso do 70% a media das cualificacións numéricas obtidas en cada un dos exercicios dos ámbitos e cun peso do 30% a nota obtida na proba global de comprobación do grao de adquisición das competencias.

4. As administracións educativas velarán por que se adopten as medidas necesarias para asegurar a igualdade de oportunidades, non-discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade que se presenten a esas probas.

Artigo 24. *Probas para a obtención directa do título de Bacharel.*

1. As administracións educativas, no ámbito das súas competencias, organizarán periodicamente probas para que as persoas maiores de vinte anos poidan obter directamente o título de Bacharel, nas cales se comprobará o logro dos obxectivos desta etapa e o grao de adquisición das competencias correspondentes.

2. Estas probas organizaranse por materias, de maneira diferenciada segundo as modalidades do bacharelato.

Ademais, comprenderán unha proba global de comprobación do grao de adquisición das competencias correspondentes, en concepto de avaliación final de bacharelato, de conformidade co deseño e contidos da orde ministerial anual.

3. As administracións educativas poderán eximir da realización dalgunha das probas tendo en conta a formación regrada que estes acrediten. Non obstante, os aspirantes deberán superar en calquera caso a proba global de comprobación do grao de adquisición das competencias correspondentes, que será deseñada polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte.

A cualificación final de bacharelato será a nota obtida nas ditas probas, cun peso do 60% a media das cualificacións numéricas obtidas en cada unha das materias obxecto de exame e cun peso do 40% a nota obtida na proba global de comprobación do grao de adquisición das competencias.

4. As administracións educativas velarán por que se adopten as medidas necesarias para asegurar a igualdade de oportunidades, non-discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade que se presenten ás ditas probas.

Disposición adicional primeira. *Adaptación das normas recollidas neste real decreto ás necesidades e situación dos centros situados no exterior do territorio nacional, dos programas internacionais, das persoas adultas, e da educación a distancia.*

1. O Ministerio de Educación, Cultura e Deporte poderá adaptar as normas recollidas neste real decreto ás necesidades e situación dos centros situados no exterior do territorio nacional, dos programas internacionais, das persoas adultas, e da educación a distancia, asegurando en todo caso a igualdade de oportunidades, a non discriminación e a accesibilidade universal do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

2. O alumnado que cursase as ensinanzas reguladas mediante o Real decreto 102/2010, do 5 de febreiro, polo que se regula a ordenación das ensinanzas acollidas ao acordo entre o Goberno de España e o Goberno de Francia relativo á dobre titulación de Bacharel e de *Baccalauréat* en centros docentes españois, deberá realizar a proba externa establecida no seu artigo 7 se desexa obter a dobre titulación.

Neste caso, como regra xeral, os alumnos que realicen a proba externa non necesitarán superar as probas relativas ás materias Historia de España e Primeira Lingua Estranxeira ou, se for o caso, Segunda Lingua Estranxeira, da avaliación final de bacharelato; a nota das ditas materias será a obtida na proba externa nas materias Historia de España e de Francia e Lingua e Literatura Francesas, respectivamente.

Si deberán superar as probas relativas ás materias Historia de España e Primeira Lingua Estranxeira, ou, se for o caso, Segunda Lingua Estranxeira, da avaliación final de bacharelato:

a) Os alumnos que renunciem a realizar a proba externa establecida no artigo 7 do Real decreto 102/2010, do 5 de febreiro.

b) En convocatoria extraordinaria ou en anos sucesivos, os alumnos que non superasen a proba externa ou que, téndoa superado, desexen elevar a súa cualificación final de bacharelato. En ningún caso esta modificación da cualificación poderá afectar a cualificación obtida no título de *Baccalauréat*.

3. No caso dos demais programas internacionais que conduzan ás titulacións españolas de Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria ou Bacharel, ademais das propias do país, o Ministerio de Educación, Cultura e Deporte aterase ao acordado e, se for o caso, poderá acordar coas autoridades educativas competentes os procedementos máis adecuados para a obtención de tales títulos, tendo en conta as normativas vixentes en ambos os países.

Disposición adicional segunda. *Características, deseño e contidos, das probas das avaliacións finais que se realizarán no curso escolar 2016/17.*

O titular do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte establecerá, antes do 30 de novembro de 2016, as características, o deseño e o contido das probas das avaliacións finais de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato para o curso 2016/17.

Disposición adicional terceira. *Admisión a ensinanzas universitarias.*

As universidades poderán adoptar como procedemento de admisión ás ensinanzas universitarias oficiais de grao calquera dos previstos no artigo 10 do Real decreto 412/2014, do 6 de xuño, e entre eles a avaliación de coñecementos de determinadas materias relacionadas coas ensinanzas universitarias que se pretendan cursar.

Co obxecto de garantir a obxectividade das probas e a utilización eficiente de recursos, as universidades poderán utilizar para esta avaliación a cualificación obtida nas materias correspondentes na avaliación final de bacharelato. Para estes efectos, os estudantes en posesión dos títulos establecidos nos artigos 9.1 e 9.2 do Real decreto 412/2014, do 6 de xuño, polo que se establece a normativa básica dos procedementos de admisión ás ensinanzas universitarias oficiais de grao, poderán participar nas probas desas materias na avaliación final de bacharelato e obterán unha certificación oficial da cualificación obtida.

Disposición transitoria única. *Alumnado que curse materias non superadas segundo o currículo do sistema educativo anterior á Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.*

Excepcionalmente e conforme o disposto polas administracións educativas, no curso 2016/17 o alumnado que se incorpore a un curso de bacharelato do sistema educativo definido pola Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, con materias non superadas de 2.º de bacharelato do currículo anterior á súa implantación, e curse esas materias segundo o currículo do sistema educativo anterior, non necesitará superar a avaliación final para acceder á universidade, pero poderá solicitar presentarse á dita avaliación final se o desexa.

Os estudantes a que se refire o parágrafo anterior que opten por realizar a avaliación final de bacharelato examinaranse das materias que escollan dentro do bloque de disciplinas troncais respectando, en todo caso, as que como mínimo se deban cursar na modalidade escollida, ademais dunha materia do bloque de disciplinas específicas, á súa escolla, en calquera dos cursos de bacharelato que non sexa nin Educación Física nin Relixión.

Disposición derradeira primeira. *Calendario de implantación.*

1. A avaliación final de educación secundaria obrigatoria implantarase no curso escolar 2016/17. A avaliación final de educación secundaria obrigatoria correspondente á convocatoria que se realice no ano 2017 non terá efectos académicos. Nese curso escolar só se realizará unha única convocatoria.

2. A avaliación final de bacharelato implantarase no curso escolar 2016/17. A avaliación final de bacharelato correspondente ás dúas convocatorias que se realicen no ano 2017 unicamente se terá en conta para o acceso á universidade, pero a súa superación non será necesaria para obter o título de Bacharel. Tamén se terá en conta para a obtención do título de Bacharel polos alumnos que se encontren en posesión dun título de Técnico ou Técnico Superior de Formación Profesional e Técnico das Ensinanzas Profesionais de Música ou de Danza.

3. As avaliacións finais de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato da educación de persoas adultas, así como as modificacións realizadas por este real decreto nas probas para a obtención directa do título de Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria e do título de Bacharel por persoas adultas, implantaranse no curso escolar 2016/17.

Disposición derradeira segunda. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do artigo 149.1.30.ª da Constitución.

Disposición derradeira terceira. *Modificación do Real decreto 1105/2014, do 26 de decembro, polo que se establece o currículo básico da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato.*

Engádesse unha disposición transitoria única que queda redactada como segue:

«Disposición transitoria única. *Títulos de Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria obtidos no curso 2016/17.*

Para a obtención dos títulos de Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria que se expidan no curso 2016/17, conforme o establecido na disposición derradeira primeira do presente real decreto, e sen prexuízo do disposto no artigo 23, requirirase que o alumno reúna as condicións para poderse presentar á avaliación final de acordo co previsto no artigo 21.2 do presente real decreto.

Así mesmo, con carácter excepcional, os títulos de Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria expedidos no curso 2016/17 permitirán acceder indistintamente a calquera das ensinanzas postobrigatorias recollidas no artigo 3.4 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, sen prexuízo dos requisitos de acceso establecidos con carácter xeral para cada unha destas.

No título deberá constar mediante dilixencia a opción pola cal o alumno cursase o cuarto curso da educación secundaria obrigatoria e que o dito título se obtivo da forma indicada na presente disposición transitoria.»

Disposición derradeira cuarta. *Efectos académicos dos títulos de Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria obtidos de acordo coa disposición transitoria única do Real decreto 1058/2015, do 20 de novembro, polo que se regulan as características xerais das probas da avaliación final de educación primaria establecida na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.*

Os títulos de Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria obtidos nos cursos 2015/16 ou 2016/17 de acordo coa disposición transitoria única do Real decreto 1058/2015, do 20 de novembro, polo que se regulan as características xerais das probas da avaliación final de educación primaria establecida na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, permitirán acceder indistintamente a calquera das ensinanzas postobrigatorias recollidas no artigo 3.4 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, sen prexuízo dos requisitos de acceso establecidos con carácter xeral para cada unha delas.

O título de Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria fará constar mediante dilixencia que ese título se obtivo da forma indicada na presente disposición.

Disposición derradeira quinta. *Desenvolvemento.*

1. Facúltase a persoa titular do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte para ditar cantas disposicións requira a aplicación do disposto neste real decreto.

2. Anualmente, o titular do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte aprobará por orde ministerial para cada curso escolar as características, o deseño e o contido das probas das avaliacións finais de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato, as datas máximas para realizar as avaliacións e resolver os procedementos de revisión das cualificacións obtidas e os cuestionarios de contexto.

Disposición derradeira sexta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 29 de xullo de 2016.

FELIPE R.

O ministro de Educación, Cultura e Deporte,
ÍÑIGO MÉNDEZ DE VIGO Y MONTOJO